Part Two.
Chapter XIII: How Miss Bartlett's Boiler Was So Tiresome

¡Qué a miúdo ensaiara Lucy esa inclinación de cabeza, ese encontro! Pero ela sempre ensaiara no interior e con certos accesorios, que seguramente temos dereito a dar por asumidos. ¿Quen podería prever que ela e George se atoparían na derrota da civilización, en medio dunha armada de abrigos e colos e botas que xacían feridos sobre a terra iluminada polo sol? Ela imaxinara ó xoven señor EMerson, que se comportaría de forma tímida, ou mórbida ou indiferente ou furtivamente impúdica. Estaba preparada para todas esas cousas. Pero nunca imaxinara a un señor Emerson feliz e saludándoa co grito do luceiro da alba.

Ela mesma nun interior, tomando o té coa vella señora Butterworth, reflexionou sobre o imposible que é prever o futuro con algún grao de precisión, sobre o imposible que é ensaiar a vida. Un defecto no escenario, un rostro na audiencia, unha inrrupción do público na escena, e todos os nosos xestos coidadosamente planeados non significan nadas, ou significan demasiado. "Eu fareille unha inclinación de cabeza", pensara ela. "Non lle estreitarei a man. Iso será o máis apropiado". Ela inclinárase, pero...¿ante quen? ¡Ante os deuses, os heroes, as parruladas dunha nena de escola! Inclinárase a través dos refugallos que amorea o mundo.

Deste xeito discorrían os seus pensamentos, mentres as súas facultades estaban ocupadas con Cecil. Houbo outra desas horribles invitacións por mor do compromiso matrimonial. A señora Butterworth quería velo, e el non quería ser visto. Non quería ouvir sobre hortensias, e por qué cambian de cor á beira do mar. Non quería unirse ás C.O.S (sociedade caritativa). Cando estaba amolado sempre elaboraba e se extendía en intelixentes respostas a preguntas onde o "si" ou o Non serían suficientes. Lucy o tranquilizaba e encarreiraba a conversa nunha forma moi prometedora para a súa paz matrimonial. Ninguén é perfecto, e seguramente é máis sabio descobrir as imperfeccións antes do matrimonio. A señorita Bartlett, de feito, inda que non de palabra, ensináralle á mociña que esta vida nosa non contén nada satisfactorio. Lucy, inda que lle desgustara a ensinante, consideraba a ensinanza profunda, e a aplicaba ó seu prometido.

"Lucy", dixo a súa nai, cando chegaron á casa, "¿sucédelle algo á Cecil?"

A pregunta era ominosa; ata entón a señora Honeychurch comportárase con caridade e contención.

"Non, penso que non, mamá; todo vai ben con Cecil"

"Cicáis está canso"

Lucy transixiu: cicáis Cecil estaba un pouco canso.

"Porque doutro xeito"...-ela sacou as agullas do seu sombreiro con crecente desgusto....-"porque doutro xeito non podo explicar a súa conduta".

"Penso que a señora Butterworth é bastante aburrida, se te refires a iso".

Cecil díxoche que pensaras dese xeito. Ti adorábala cando eras pequena, e nada pode describir a súa bondade contigo cando pasaches a febre tifoidea. Non....é a mesma cousa en todas partes"

"Déixame gardarche o sombreiro,¿ si?

"Seguramente   podería responderlle con cortesía durante media hora, ¿non si?

"Cecil ten un patrón moi elevado para xulgar á xente", tatexou Lucy, vendo vir problemas no horizonte. "É parte dos seus ideais....isto é en realidade o que ás veces lle fai parecer....!

"Ou, ¡parvadas! Se os ideais elevados fan parecer a un mozo maleducado, canto antes se libre deles mellor"; dixo a señora Honeychurch, tendéndolle o sombreiro.

"¡Vamos, mamá! ¡Teñoche visto a ti mesma amolada coa señora Butterworth!

"Not in that way. At times I could wring her neck. But not in that way. No. It is the same with Cecil all over."

"Non dese xeito. Ás veces poderíalle retorcer o pescozo. Pero non dese xeito. Non.

"Por certo...nunca cho contei. Tiven carta de Charlotte cando estiven en Londres".

Esta tentativa de desviar a conversa era demasiado pueril, e amolou á señora Honeychurch

"Desde que Cecil voltou de Londres, nada semella compracelo. Cada vez que falo fai un aceno de desgusto; Eu o vexo, Lucy; é inútil contradicirme. Sen dúbida eu non son nen artística nen literaria nen intelectual nen musical, pero eu non podo desfacerme dos mobles do salón; o teu pai comprounos e nos debemos aturalos, como Cecil amablemente recordará".

"Eu...Eu vexo ó que te refires, e certamente Cecil non debería comportarse así. Pero el non quere ser descortés....explicoumo unha vez...son as cousas as que o amolan....el se sinte facilmente amolado polas cousas feas...el non é descortés coas persoas.

"¿Trátase dunha cousa ou dunha persoa cando Freddy canta?"

"Non podes esperar que unha persoa verdadeiramente musical disfrute as nosas cancións cómicas como facemos nós".

"¿Por qué entón non abandona a habitación? Por qué se senta retorcéndose e mofándose e estragándonos o pracer a todos?

"Non debemos ser inxustos coa xente", vacilou Lucy. Algo a enfeblecera, e non podía de forma eficaz liderar a causa de Cecil, como fixera tan perfectamente en Londres. As dúas civilizacións chocaran...Cecil insinuara que o farían...e ela estaba encandeada e confusa, como se o resplandor que se acha detrás de toda civilización cegáralle os ollos. O bó gusto e o mal gusto eran só slogans, traxes de corte distinto, e a mesma música se disolvía nun suspiro a través dos piñeiros, onde unha canción non se diferencia dunha canción cómica.

Ela continuou moi avergoñada mentres a señora Honeychurch mudaba de vestido para cear; e cada vez que dicía unha palabra as cousas non melloraban. Non se podía ocultar o feito, Cecil propuxérase ser altivo e conseguiráo. E Lucy- non sabía por qué- desexaba que os problemas viñeran en calquera outro momento e non naquel.

"Vai e vístete, querida; chegarás tarde"

"Moi ben, mamá..."

"Non digas "Moi ben" e fiques ahí. Marcha"

Ela obedeceu, pero deambulou desconsoladamente na ventá do relanzo.. Miraba ó norte, de xeito que había poucas vistas, e ningunha do ceo. Agora, como no inverno, os piñeiros penduraban preto dos seus olos. Un relacionaba a ventá do relanzo coa depresión. Ningún problema definido a ameazaba, pero ela dicíase suspirando, "ou, Deus, ¿que debería facer, que debería facer?·. Parecíalle que todo o mundo se comportara moi mal. Non debía ter mencionado a carta da Señor Bartlett. Debía ser máis coidadosa; a súa nai era bastante curiosa, e cicáis lle preguntara de novo sobre ela. ¿Ou, Deus, qué debería facer?...e entón viu Freddy subindo a saltos as escaleiras, e se incorporou ás fileiras dos maleducados

"Dígovos que esos tipos son magníficos"

"Meu querido rapaz, ¡qué fastidioso fuches! Non tiñas por qué levalos a bañarse no Lago sagrado, é demasiado público. Estaba moi ben para ti pero é do máis inoportuno para ninguén máis. Debes ser máis coidadoso. Esquenciche que o lugar é case xa suburbán.

"Decídeme, ¿hai algún compromiso para a semana que vén?

"Non que eu saiba"

"Entón quero pedirlles ós Emersons que veñan a xogar ó tenis Domingo"

"Ou, eu non faría iso, Freddy, eu non faría iso con todo este enredo"

"¿Cal é o problema coa pista? Non lles importarán un ou dous fochancos, e eu teño pedidas novas pelotas"

"I meant it's better not. I really mean it."

"Penso que é mellor que non. Realmente o penso"

El asiuna polos cóbados e bailou chistosamente con ela arriba e abaixo do corredor. Ela pretendeu que non lle importaba, pero podería ter gritado coa ira. Cecil observounos cando se dirixía á súa habitación e eles empeceron o paso de Mary coa súa bandexa con xarres de auga quente. Entón a señora Honeychurch abriu a porta e dixo:"¡Lucy, qué barullo estades faceno! Teño algo que dicirche. ¿Dixeches que tiveras unha carta de Charlotte?". Freddy fuxiu.

"Si. Pero en verdade non podo determe. Debo ir vertirme tamén"

"¿Como está Charlotte?"

"Moi ben"

"¡Lucy!"

A desafortunada rapaza retornou.

"Tes o feo costume de marchar cando che están falando. ¿Mencionu Charlotte a súa caldeira?

"¿A súa que?"

"¿Non recordas que lle ían arranxar a caldeira en Outubro, e limparlle a cisterna do baño, e toda esa clase de terribles reparacións?"

"Non podo recordar todos os problemas de Charlotte", dixo Lucy amargamente. "Teño suficiente cos meus, agora que ti estás descontenta con Cecil"

A señora Honeychurch podería ter estourado. Pero no o fixo. Dixo:"Vén aquí, velliñ...gracias por gardar o meu sombreiro...dáme un bico". E, inda que nada é perfecto, Lucy sentiu durante un intre que a súa nai e Windy Corner e o Weald baixo o sol declinante eran perfectos.

Deste xeito desapareceu toda amargura. Así ocorría xeralmente en Windy Corner. No último minuto, cando a máquina social semellaba atascada irremediablemente, un ou outro membro da familia vertía nel unhas gotas de aceite. Cecil desprezaba os seus métodos...cicáis acertadamente. En todo caso, non eran o seu.

A cea foi ás sete e media. Freddy farfallou unha acción de gracias, e todos enderezaron as súas pesadas cadeiras e se sentaron nelas. Afortunadamente, os homes estaban famentos. Non ocorreu nada desgradable ata o pudding. Entón Freddy dixo:

"¿Lucy, como é Emerson?"

"Vino en Florencia", dixo Lucy, esperando que esto serviría como resposta.

"¿É dos intelixentes, ou un tipo decente?"

"Pregúntallo a Cecil; foi Cecil quen o trouxo aquí"

"É dos intelixentes, coma min", dixo Cecil

Freddy mirouno dubitativamente.

"¿Ata qué punto tratache con eles na Bertolini?", preguntou a señora Honeychurch.

"Ou, moi superficialmente. Quero dicir, que Charlotte os tratou incluso menos ca min.

"Ou, iso recórdame...nunca me dixeches que dicía Charlotte na súa carta".

"Unha cousa e outra", dixo Lucy, preguntándose se lograría rematar a cea sen unha mentira. "Entre outras cousas, que unha pesada amiga súa pasou en bicicleta por Summer Street, preguntouse se entrar e vernos, e afortunadamente non o fixo."

"Lucy, eu diría que a túa forma de falar é pouco amable"

"Ela é novelista", dixo Lucy hábilmente. A observación era moi afortunada, porque nada azirraba tanto á señora Honeychurch como a literatura en mans de mulleres. Abandonaría o tema por completo para esbardallar contra as mulleres que (en vez de atender as súas casas e ós seus fillos) buscaban a notoriedade a través da letra impresa. A súa actitude era: "Se os libros han de ser escritos, que o sexan polos homes"; e desenvolveu o tema amplamente, mentres Cecil bocexaba e Freddy xogaba a "Este ano, o ano que vén, agora, nunca" cos osos das cirola; podía non significar nada para ela que un home a bicara unha vez nunha montaña. Pero enxendrara unha familia de espectros....o señor Harris, a carta da señorita Bartlett, o recordo das violetas do Señor Beebe...e un ou outro deles e Lucy arteiramente alimentaba as lapas da cólera da súa nai. Pero pronto a

conflagración perdeu forza, e as pantasmas comezaron a reunirse na escuridade. Había demasiadas pantasmas. A pantasma orixinal- aquel roce duns beizos sobre a súa meixela- xacía sepultado seguramente dende facía tempo. Pero enxendrara unha familia de espectros...o señor Harris, a carta da señorita Bartlett, o recordo das violestas do señor Beebe...- e un ou outro destos era seguro que a atormentaría fronte ós ollos de Cecil. Era a señorita Bartlett quen retornaba agora, e con espantosa intensidade.

"Estiven pensando, Lucy, na carta de Charlotte. ¿Como está?"

"Racheina".

"¿Non decía como estaba? ¿Como parecía? ¿contenta?"

"Ou, si, supoño que ....non...non moi contenta, supoño"

"Entón,seguro que é a caldeira . Eu sei pola miña experiencia como a auga se lle mete a unha na cabeza. Preferiría calquera outra cousa...incluso unha desgracia coa comida"

Cecil tapou os ollos coa man.

"Eu tamén", corroborou Freddy, respaldando a súa nai- respaldando o espírito da súa observación máis que a substancia.

"E estiven pensando", engadiu ela con bastante nerviosismo", que sen dúbida poderíamos facerlle un sitio a Charlotte aquí a próxima semana, e ofrecerlle unhas agradables vacacións mentres os fontaneiros rematan en Tunbridge Wells. Levo moito tempo sen ver a Charlotte.

Isto era máis do que os seus nervios podían soportar. Pero e non podía protestar con violencia trala bondade da súa nai con ela arriba antes da cea.

"¡Mamá, non!", suplicou ela. "É imposible. Inda enriba non podes facernos cargar con Charlotte;se o fas estaremos apretados ata morrer . Freddy ten invitado un amigo para Xoves, está Cecil, e ti prometiches coidar de Minnie Beebe por temor á epidemia de difteria. Simplemente non pode ser."

"¡Parvadas! Pode ser"

"Se Minnie durme no baño. Non doutro xeito"

"Minnie pode durmir contigo"

"Non a quero comigo"

"Entón, se ti eres tan egoísta, o señor Floy deberá compartir a habitación con Freddy".

"A señorita Bartlett, a señorita Bartlett, a señorita Bartlett", laiouse Cecil, tapando de novo os ollos coa man.

"É imposible", repetiu Lucy. "Non quero crear dificultades, pero realmente non é xusto para as criadas que enchamos dese xeito a casa"

¡Ai!

"A verdade é, querida, que non che gusta Charlotte".

"Non, non me gusta. E a Cecil non lle gusta máis. Póñenos os nervios de punta. Ti non a viches ultimamente, e non te das conta de qué cargante pode ser, inda que sexa tan boa. Así que por favor, mamá, non nos estragues este último verán; comprácenos non pedíndolle que veña."

"¡Escóitea, escóitea!", dixo Cecil.

A señora Honeychurch, con maior gravidade da habitual, e con maior sentimento do que habitualmente se permitía, replicou: "Isto non é moi amable por parte de ningún dos dous. Vós tédevos o un ó outro e todos estos bosques para camiñar por eles, tan cheos de cousas fermosas; e a pobre Charlotte ten somentes a caldeira estropeada e os fontaneiros. Vós sodes novos, queridos, e por moi intelixente que sexa a xente nova, e por moitos libros que lean, nunca maxinarán como se sinte un cando vai vello.

Cecil esmigallou o seu pan

"Eu teño que dicir que a prima Charlotte foi moi amable comigo ese ano que a visitei na miña bicicleta", manifestou Freddy. "Ela agradeceume a visita ata facerme sentir como un parvo, e desacougouse enteiramente por cocerme un ovo perfecto para o té.

"Seino, querido. Ela é amable con todo o mundo, e inda así Lucy pon dificultades cando tentamos ofrecerlle unha pequena compensación"

Pero Lucy entaleceu o seu corazón. Non era bó ser amable coa señorita Bartlett. Ela mesma intentárao demasiado a miúdo e demasiado recentemente. Un podía almaceanar un tesouro no ceo co intento, pero non enriquecería nen á señorita Bartlett nen a ninguén máis sobre a terra. Ela limitouse a dicir: "Non podo evitalo, mamá. Non me gusta Charlotte. Admito que é horrible pola miña parte.

"Segundo o que contaches, xa llo diche a saber a ela bastante".

"Bueno, quixo abandoar Florencia tan estúpidamente. Estaba en constante axitación..."

"As pantasmas estaban retornando: encheran Italia, estaban incluso usurpando os lugares que coñecera desde que era nena. O Lago Sagrado nunca sería o mesmo de novo, e, Domingo, ocorreríalle incluso algo a Windy Corner.¿Como loitaría contra unhas pantasmas? Durante un intre o mundo visible esvaeceuse, e únicamente os recordos e as emocións semellaron reais.

"Supoño que a señorita Bartlett debe vir, xa que coce os ovos tan ben", dixo Cecil, que estaba de bastante bó humor, gracias á admirable cea"

"I didn't mean the egg was *well* boiled," corrected Freddy, "because in point of fact she forgot to take it off, and as a matter of fact I don't care for eggs. I only meant how jolly kind she seemed."

"Eu non quixen decir que o ovo estivera ben cocido", corrixiu Freddy, "porque de feito esquenceu sacalo, e a dicir verdade, os ovos téñenme sen coidado. Só quería manifestar que me pareceu moi amable.

Cecil frunciu de novo o entrecello. ¡Ou, esos Honeychurches! Ovos, caldeiras, ortensias, criadas....de estas cousas enchían a súa vida. "Podemos Lucy e máis eu abandoar a mesa?", preguntou, con insolencia a penas disimulada. "Non queremos postre".